

**ANÁLISE E RESULTADOS DA ENQUISA *ON-LINE*
REALIZADA PARA O CONCELLO DE PONTEAREAS,
DENTRO DO APARTADO DE PARTICIPACIÓN
CIDADÁ, NO PROCESO DE ELABORACIÓN DA
EDUSI **Ponteareas Hábitat Saudable****

1.LIMIAR

A enquisa, e os datos que aquí se debullan e analizan teñen a súa xénexa no proceso de recollida de información e consulta á cidadanía do termo municipal de Pontearreas, dentro da elaboración do documento de Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado, EDUSI, para dita localidade.

Así mesmo, o criterio da elección da meirande parte das preguntas formuladas que constituíron o cuestionario da enquisa, foi o de servir de ferramenta de obtención de datos necesarios para a redacción da EDUSI en consonancia cos obxectivos estratéxicos que guiaban esta proposta: o rol que deben desempeñar as novas tecnoloxías, a adaptación a un modelo económico e social de baixas emisións de carbono respectuoso co medio ambiente, e a aposta pola inclusión social e redución da pobreza.

Deste xeito, e tendo en conta os obxectivos que modelaban a implementación deste proceso telemático de recollida de información (dar resposta a aqueles obxectivos estartéxicos sobre os que debía desenrolarse a redacción da EDUSI, como o encaixe e complementariedade que debía ter a enquisa dentro do proceso de participación veciñal que se levou a cabo), deseñouse o seguinte guión de cuestionario, estruturado en catro apartados temáticos:

MEDIO AMBIENTE+PATRIMONIO

2. Está vostede satisfeito/a co estado e número de zonas verdes (parques, prazas, xardíns, áreas recreativas...) do casco urbano?

a) Moito (**Pasar a pregunta 3**) b) Bastante (**Pasar a pregunta 3**) c) Pouco d) Nada

2.1. Sinale os motivos da súa insatisfacción:

a) Son poucos

b) Mala conservación

c) Non están perto, hai que desprazarse para facer uso dos mesmos

d) Outros motivos (malos accesos para cadeiras de rodas, carriños nenos...) _____

3.1 Cal e grao de protección e posta en valor que merece o río Tea, cos seus cauces e ribeiras:

a) Moita b) Bastante c) pouca d) Nada

3.2. Cal e grao de protección e posta en valor que merecen as hortas e terreos agrarios tanto do centro e periferia da vila como das parroquias: a) Moita b) Bastante c) pouca d) Nada

3.3. Cal e grao de protección e posta en valor que merecen as edificacións ou elementos de interese histórico ou arquitectónico (castros, penedos -da Picaraña por ex.-, camiños, muíños, pontes...):

a) Moita b) Bastante c) pouca d) Nada

3.4. Cal e grao de protección e posta en valor que merece o patrimonio histórico, inmaterial... (memoria da emigración, bandas música...): a) Moita b) Bastante c) pouca d) Nada

ENERXIA+MOBILIDADE

4. Está vostede satisfeito coa calidade do espazo público (ancho das beirarúas, deseño e acceso ás prazas, lugares de encontro...) e do mobiliario (farolas, bancos...) no casco urbano?

a) Moito (**Pasar á pregunta 5**) b) Bastante (**Pasar á pregunta 5**)

c) Pouco d) Nada

4.1. Sinale os motivos da súa insatisfacción:

a) Mal estado de conservación

b) Escasos e poucos

c) Deseño e accesibilidade pouco axeitados para circular cunha cadeira de rodas, carriños de nenos, vehículos adaptados

d) Outros motivos _____

5. Cal é o grao de dificultade que atopa para estacionar/aparcar?

a) Elevado, teño que dar moitas voltas e deixar o coche lonxe

b) Non é excesivamente complicado, pero debo dar varias voltas

c) Non suelo ter problemas para estacionar

d) Non utiliza/ non ten coche

5.1. Deixaría o coche na casa e iría en transporte público se houbera máis frecuencias de autobús coas parroquias, Vigo, Meixueiro, Alvaro Cunqueiro...? Si / Non / Non utiliza/ non teño coche

5.2. Cal sería a distancia que podería ou estaría disposto a ir andando, dende o sitio no que estaciona o coche, ata o seu traballo ou lugar no que debe realizar as súas xestións, compras, etc?

a) Menos de 150m ou de 3 minutos

b) Entre 150m e 300m/ Entre 3min e 6 min

c) Entre 300m e 500m/ Entre 6min e 10 min

d) Máis de 500m ou de 10min

6. Sinale con cales destes elementos ou fontes de enerxía conta na súa vivenda

a) Caldeira biomasa b) Paneis fotovoltaicos c) Xeotermia/Aerotermia d) Bombillas baixo consumo/LED

e) Ningún dos anteriores

ECONOMIA+ SOCIEDADE

7.1 Como considera as actuais axudas ou apoios intitucionais á poboación con diversidade funcional /necesidades especiais?

a)Excesivas b)Suficientes c) Mellorables d) Insuficientes e) Moi deficientes f) Ns/nc

7.2. Como considera as actuais axudas ou apoios intitucionais á poboación en risco de exclusión/parados longa duración?

a)Excesivas b)Suficientes c) Mellorables d) Insuficientes e) Moi deficientes f) Ns/nc

7.3. Como considera as actuais axudas ou apoios intitucionais a poboación inmigrante/minorías étnicas? a)Excesivas

b)Suficientes c) Mellorables d) Insuficientes e) Moi deficientes f) Ns/nc

8.1. Adoita facer as súas compras no comercio local/tradicional?

a) Tres ou máis veces a semana b) Unha ou dúas veces a semana c) Dúas ou tres veces o mes d) Unha ou ningunha vez o mes.

8.2. Adoita facer as súas compras na Praza de Abastos?

a) Tres ou máis veces a semana b) Unha ou dúas veces a semana c) Dúas ou tres veces o mes d) Unha ou ningunha vez o mes.

8.3. Adoita facer as súas compras nos supermercados locais?

a) Tres ou máis veces a semana b) Unha ou dúas veces a semana c) Dúas ou tres veces o mes d) Unha ou ningunha vez o mes.

8.4. Adoita facer as súas compras nas Grandes superficies fóra do concello?

a) Tres ou máis veces a semana b) Unha ou dúas veces a semana c) Dúas ou tres veces o mes d) Unha ou ningunha vez o mes.

PONTEAREAS DO FUTURO

9. Dende o seu punto de vista, como valora de 0 a 10, as seguintes propostas como elementos de futuro que poden axudar a potenciar e desenvolver a actividade económica e calidade de vida da vila e as parroquias? (O cero ou nota máis baixa sería para aquelas propostas coas que está menos de acordo ou que pensa que poden aportar menos á economía local, e o dez ou notas máis altas, para aquelas actividades cos que está máis de acordo ou pensa que poderían ser máis beneficiosas)

9.01. Apoiar o rural e as súas actividades asociadas (fomento explotacións gandeiras, agrícolas...)_

9.02. Dar prioridade a un sector forestal diversificado e sustentable (frondosas, especies autóctonas...)_

9.03. Fomentar a difusión e preservación do patrimonio material e inmaterial_

9.04. Potenciar un Concello Saudable (espazos para camiñar, facer deporte, actividades culturais)_

9.05. Implementar dispositivos de xestión baseados nas novas tecnoloxías (sistemas automatizados de iluminación, regadío, sinais luminosas en pasos de peóns...)_

9.06. Incrementar as xestións administrativas no Concello a través de internet

9.07. Fomentar a peonalización e humanización de rúas e prazas, priorizando o peón sobre o coche_

9.08. Desenvolver sistemas de transporte público na/coa vila (autobuses, aluguer de bicicletas...)_

9.09. Activar un polígono industrial ou empresarial no termo municipal_

9.10. Potenciar un modelo económico centrado no sector servizos e da hostalería_

9.11. Desenvolver unha economía orientada ás novas profesións, innovacións e tecnoloxías_

9.12. Apoiar proxectos de desenvolvemento alternativo (cooperativas de produtores, consumidores...)_

9.13. Potenciar o fomento da pequena empresa e comercio tradicional..._

9.14. Desenvolver políticas sociais de apoio a persoas en risco de exclusión social_

9.15. Implementar políticas inclusivas para persoas con diversidade funcional ou necesidades especiais_

9.16. Apostar polo desenvolvemento de Ponteareas dentro da área metropolitana de Vigo_

9.17. Remarcar o rol de Ponteareas como cabeza comarcal / nodo de desenrolo do Condado-Paradanta_

1.a.FICHA TÉCNICA

Asumindo en primeiro lugar as limitacións que adoitan presentar xa de por sí a realización de calquera tipo de enquisas: presenciais, telefónicas... son precisamente nas que non hai unha relación directa entre enquisador e enquisado, como precisamente as enquisas on-line, as que menor rigor ofrecen e as que máis cautelas deben levantar á hora de analizar e avaliar os datos que ofrecen. Baste sinalar as dificultades que implica poder titorizar e xestionar directamente as respostas (á hora de solventar dúbidas que podan ter os enquisados ante unha pregunta no que a súa correcta comprensión se refire, comprobar que o perfil da persoa que contesta é realmente o que precisamos -baseándonos no seu sexo e idade-, etc), é xa motivo suficiente como para acoller con reservas a información que chega a través de dita ferramenta.

Neste caso en particular, ao establecer xustificadamente unha serie de filtros que nos permitiran obter unha distribución das respostas en base a por exemplo o hábitat de residencia das persoas que contestaban (área urbana ou rural -segundo parroquias-), os erros e riscos que poden vir asociados xa de por sí aos datos recibidos son máis elevados, ao non existiren garantías de que o individuo que respostaba como un home ou muller de certa idade, residentes en "X" lugar, fose quen "realmente" dicía responder.

Unha vez expostos estes matices, procede, sinalar que no caso de Ponteareas, identificouse como poboación obxecto de estudo ou "universo" (N), as persoas de 16 o máis anos de ambos sexos, procedéndose posteriormente a ponderar e axustar proporcionalmente as respostas en base á estrutura poboacional do termo municipal (se ben cabe sinalar que non era condición indispensable para poder contestar a condición de estar empadroadado ou residir habitualmente en Ponteareas) coa intención de permitir establecer unha lóxica de análise estatística por cotas de idade e sexo, co propósito fundamental de elaborar unha "mostra" (n) o máis representativa posible á composición, distribución e características da poboación ou "universo" de estudio (N).


Neste caso, traballando cos últimos datos desglosados por sexo e idade que ofrece o IGE, Ponteareas contaba no ano

2015 con 19.051 persoas que contaban con 16 ou máis anos (N). Neste senso, durante o período comprendido entre o 4 de xaneiro e o 4 de marzo do 2016 acadáronse un total de 734 cuestionarios, sendo considerados e analizados como válidos 503 (n) -houbo 231 incompletos ou nulos-; o que se traduciría nunha mostraxe non probabilística, baixo criterios de ponderación por cotas de idade, sexo e lugar de residencia (urbano/rural), implicando un erro mostral do 4,3% e un nivel de confianza do 95%.

1.b. PONDERACIÓN METODOLOXICA

Para ser máis conscientes dos “excesos e carencias” dos datos e resultados da enquisa on-line realizada, propónse establecer unha comparativa entre o perfil das respostas acadadas por cotas, e un dos posibles modelos de enquisa presencial alternativos que se podían ter realizado; concretamente propónse -a modo de exemplo- comparar cunha enquisa que empregase un procedemento de mostraxe non probabilístico (coas mesmas cotas de sexo, idade e hábitat) baixo un suposto aleatorio simple, cunha mostra (n) equivalente de 500 individuos, empregando como variable de control a estrutura poboacional do conxunto municipal.

Estrutura poboacional 2014



Así pois, tendo en conta os diferentes tipos de hábitat¹ nos que se distribuíu o termo municipal, e os rangos de idade² e sexo establecidos, a táboa comparativa entre ambos modelos de enquisa amosaría diferenzas salientables entre un e outro, como se observa a continuación. Mentres que as columnas vermellas representarían o número de cuestionarios válidos recibidos, as de cor verde virían sendo o “número óptimo” de cuestionarios que se realizarían de ter optado por unha enquisa presencial, como a anteriormente descrita.

¹a) Área Urbana/Casco Urbano

b) Área Rural Norte (Paredes, Padróns, Fozara, Ribadetea, Prado, Pias, Bugarín)

c) Área Rural Oriental (Guillade, Celeiros, S. Lourenzo, S. de Oliveira, Cumiar, Arcos, Fontenla)

d) Área Rural Occidental (Xinzo, Amoso, Areas, Guláns)

e) Área Rural Sur (Angoares, S. Mateo, Cristiñade, Nogueira, Moreira)

f) Non reside, pero traballa ou se despraza con frecuencia a Pontareas por traballo, xestións...

²a) Entre 16 e 20 anos b) 21 e 30 anos c) 31 e 40 anos d) 41 e 50 anos e) 51 e 60 anos f) 61 ou 70anos g) 71 ou máis

CASCO URBANO

Rango de Idades	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
16-20	6 (+2)	13 (+9)	4	4
21-30	51 (+42)	54 (+44)	9	10
31-40	51 (+34)	51 (+33)	17	18
41-50	25 (+9)	30 (+13)	16	17
51-60	10 (-1)	10 (-2)	11	12
61-70	3 (-6)	1 (-8)	9	9
71 e +	3 (-5)	0 (-14)	8	14

AREA RURAL NORTE

Rango de Idades	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
16-20	2 (+1)	1	1	1
21-30	8 (+6)	6 (+3)	2	3
31-40	9 (+5)	4 (-1)	4	5
41-50	4	1 (-3)	4	4
51-60	1 (-2)	1 (-2)	3	3
61-70	2	0 (-2)	2	2
71 e +	0 (-2)	1 (-3)	2	4

(Paredes, Padróns, Fozara, Ribadetea, Prado, Pias, Bugarín)

AREA RURAL ORIENTAL

Rango de Idades	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
16-20	0 (-1)	1	1	1
21-30	11 (+11)	8 (+6)	2	2
31-40	7 (+4)	3	3	3
41-50	4 (+1)	2 (-1)	3	3
51-60	1 (-1)	2	2	2
61-70	2	1 (-1)	2	2
71 e +	0 (-1)	3 (+1)	1	2

(Guillade, Celeiros, S. Lourenzo, S. de Oliveira, Cumiari, Arcos, Fontenla)

AREA RURAL OCCIDENTAL

Rango de Idades	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
16-20	4 (+3)	2 (+1)	1	1
21-30	10 (+8)	12 (+9)	2	3
31-40	4	5	4	5
41-50	7 (+3)	6 (+1)	4	5
51-60	8 (+5)	1 (-2)	3	3
61-70	1 (-1)	1 (-1)	2	2
71 e +	0 (-2)	0 (-4)	2	4

(Xinzo, Arnosó, Areas, Guláns)

AREA RURAL SUR

Rango de Idades	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres
16-20	0 (-1)	1	1	1
21-30	6 (+4)	6 (+4)	2	2
31-40	5 (+2)	5 (+1)	3	4
41-50	2 (-1)	3	3	3
51-60	1 (-1)	2	2	2
61-70	0 (-2)	1 (-1)	2	2
71 e +	0 (-2)	1 (-2)	2	3

(Angoares, S. Mateo, Cristiñade, Nogueira, Moreira)

Como cabía esperar, acabou producíndose unha sobrerrepresentación e saturación de respostas províntes das franxas de idade menores de 40 anos, especialmente entre os 21 e 30, coa salvedade do grupo de idade máis novo (menores de 20), onde o nivel de respostas foi relativamente escaso ou axustado. Por outra banda, a escasez e ausencia de datos a partires dos 50 anos e que vai progresivamente en aumento, nomeadamente nas zonas do rural, é a característica principal desta enquisa, algo que tampouco sorprende a tenor da menor penetración das novas tecnoloxías dentro deste sector poboacional.


2. ANALISE DOS DATOS E RESPOSTAS

A continuación, procédese a debullar os datos obtidos, por bloques de preguntas, destacando de antemán o grande consenso acadado en conxunto, xa que na totalidade das preguntas o grao de respostas “compatibles entre si” (moito e bastante, pouco e nada, insuficientes e moi deficientes...) superan o 65% de ditas respostas en todos os casos, e máis do 70% en moitos deles, amosando así unhas tendencias e referencias medianamente claras e definidas.

2.a. MEDIO AMBIENTE + PATRIMONIO

2. Está vostede satisfeito/a co estado e número de zonas verdes (parques, prazas, xardíns, áreas recreativas...) do casco urbano?

a) Moito (**Pasar a pregunta 3**) b) Bastante (**Pasar a pregunta 3**) c) Pouco d) Nada



Nesta primeira gráfica a concordancia relativa á escasa satisfacción que esperta entre as persoas que respostaron á enquisa, parece evidente, xa que unicamente unha de cada catro respostas sitúanse dentro do marco de “moito ou bastante satisfeito”.


2.1. Sinale os motivos da súa insatisfacción:

a) Son poucos

b) Mala conservación

c) Non están perto, hai que desprazarse para facer uso dos mesmos

d) Outros motivos (malos accesos para cadeiras de rodas, carriños nenos...) _____



En relación aos principais motivos desa calificación tan crítica, semella vir dada basicamente polo escaso número de zonas verdes existentes, se ben a percepción existente en torno ao estado de conservación das mesmas atópase totalmente polarizado entre os que consideran que están ben e mal conservados. Estas valoracións míranse reforzadas por algunhas opinións expostas polos enquisados no apartado de “outros motivos”, así por exemplo se recolle nos seguintes comentarios:

<<Está moi descoidado. Tanto no rural como no casco urbano. Zonas infantiles con columpios rotos, bancos rotos ou que sacaron por ese motivo e non reemplazan, suciedad, descoidado...>> (Muller de entre 31-40 anos residente no casco urbano)

<<Faltan moitas hectareas verdes e coidades na nosa comarca, deberíamos aprender moito de Europa e encher todo de parques e zonas forestais onde prime a flora do país (Home entre 21-30 anos residente no casco urbano)

A distancia á que se atopan ditos espazos -tendo en conta a escala da vila- non parece ser un problema en absoluto, xa que máis do 90% das respostas non dan a entender que ese sexa o problema.

Entre o grupo de persoas que respostaron “Outros motivos”, destacan aquelas queixas motivadas polo **conflicto que parece existir entre os propietarios de cans e o resto de usuarios** das zonas verdes; xa que mentres os primeiros demandan a existencia de zonas específicas para o lecer e paseo dos animais (“zonas-pipican”), e expresan o seu enfado pola prohibición de cans nos parques e xardíns:

<<Moi poucas e non se pode ir co can>> (Muller entre 41-50 anos residente no casco urbano)

<<Fai falta tamén unha zona pipican cerrada>> (Home entre 21-30 anos residente no casco urbano)

<<No hay espacios específicos para mascotas>> (Muller entre 21-30 anos residente no casco urbano)

Os segundos laianse da presenza de cans soltos, e de abundantes excrementos, polo que parecería pertinente a creación de zonas segregadas ou especialmente habilitadas para uso canino:

<<Sempre hay animais domésticos nos parques ou nos seus arredores... Non hai ningunha zona destinada para eles>> (Muller entre 31-40 anos residente no casco urbano)

<<Estan cheos de merda de cans>> (Home entre 41-50 anos residente no casco urbano)


De igual xeito, e a maiores, realizáronse tamén outro tipo de achegas e propostas noutro tipo de senso e dirección:

<<Faltan lugares onde estacionar bicicletas>> (Home entre 21-30 anos residente no rural)

<<Habilitar zona botellon lejos de las viviendas>> (Muller entre 41-50 anos residente no casco urbano)

3.1. Cal e grao de protección e posta en valor que merece o río Tea, cos seus cauces e ribeiras:


a) Moita b) Bastante c) pouca d) Nada



Nesta seguinte gráfica vemos como novamente o 75% das respostas seguen unha mesma liña ou argumentación: o coidado e protección do río Tea e as súas ribeiras debe ser moito ou bastante.


3.2. Cal e grao de protección e posta en valor que merecen as hortas e terreos agrarios tanto do centro e periferia da vila como das parroquias: a) Moita b) Bastante c) pouca d) Nada

Identica situación se produce á hora de valorar as hortas e terreos agrarios do termo municipal, se ben diminúe dúas décimas a importancia que se lle outorga (73,3%)




3.3. Cal e grao de protección e posta en valor que merecen as edificacións ou elementos de interese histórico ou arquitectónico (castros, penedos -da Picaraña por ex.-, camiños, muiños, pontes...):
a) Moita b) Bastante c) pouca d) Nada

Menor apoio e consideración merecen as edificacións ou elementos de interese histórico ou arquitectónico, o que non implica que sexa pouco ou escaso xa que o 67'5% refrenda a súa necesidade de protección



3.4. Cal e grao de protección e posta en valor que merece o patrimonio histórico, inmaterial... (memoria da emigración, bandas música...): a) Moita b) Bastante c) pouca d) Nada

En contraste coa anterior pregunta, a posta en valor do patrimonio histórico e inmaterial, é a proposta deste bloque de preguntas que maior apoio recolle cun 76,7% de respostas que manifestan que debe ter moita ou bastante protección



2.b.ENERXIA + MOBILIDADE

4. Está vostede satisfeito coa calidade do espazo público (ancho das beirarúas, deseño e acceso ás prazas, lugares de encontro...) e do mobiliario (farolas, bancos...) no casco urbano?


a) Moito (Pasar á pregunta 5)

b) Bastante (Pasar á pregunta 5)

c) Pouco

d) Nada

Máis do 80% das persoas que respostaron á enquisa, indican a súa crítica e insatisfacción coa calidade do espazo público e mobiliario da vila, rexistrándose unicamente un 15,7% e 2,2% de respostas nas que se dicía estar bastante ou moi satisfeitos respectivamente.



4.1. Sinale os motivos da súa insatisfacción:


a) Mal estado de conservación

b) Escasos e poucos

c) Deseño e accesibilidade pouco axeitados para circular cunha cadeira de rodas, carriños de nenos, vehículos adaptados
motivos _____

d) Outros

Entre os posibles motivos de tan alta insatisfacción, vemos que se comezamos por avaliar as tres opción que de xeito predeterminado se lle ofrecían aos enquisados (estado de conservación/ número/deseño), a cuestión da accesibilidade e as dificultades para transitar polo casco urbano con cadeiras de rodas ou carriños de bebés, é sinalada por catro de cada dez persoas.



Porén, cando pasamos a debullar e revisar con detemento as propostas e comentarios recibidos a través da cuarta opción de resposta (outros motivos), podemos identificar tres grupos claros de demandas:

Impulso de rúas peonís e lugares que fomenten a convivencia no espazo público

<<O maior problema é que parece que non están pensados para as persoas e menos aínda para fomentar a comunidade, dous exemplos: cada vez hai menos bancos e os que hai parecen situados de forma que a xente non poda permanecer moito tempo alí>> (Home entre 31-40 anos que leva máis de 10 anos residindo no casco urbano)

<<O centro debería ser peonil>> (Home entre 31-40 anos residente no casco urbano)

Medidas orientadas a mellorar a mobilidade

<<Aínda quedan beirarúas moi estreitas e zonas sen elas (Sportivo)>> (Muller entre 21-30 anos que leva máis de 10 anos residindo no casco urbano)

<<Aceras rematadas en pico (Amado Garra), bancos sin sentido (Conservatorio)...>> (Home entre 31-40 anos residente no rural)

<<Beirarúas estreitas, acceso a discapacitados ou cadeiras de bebés poucos e mal estado>> (Muller entre 31-40 anos que leva menos de 10 anos residindo o casco urbano)

<<As beirarúas están cheias de terraças privadas, nom se pode nem caminhar pola rúa>> (Home entre 31-40 anos que leva máis de 10 anos residindo no casco urbano)

<<Zonas sen beirarúas mol estreitas (aínda que algo se melloraron queda moito traballo)>>(Muller entre 31-40 anos que leva menos de 10 anos residindo o casco urbano)

“O Feísmo” e a mellora da imaxe urbana en xeral

<<No se siguió una estética, por lo que el pueblo esta afeado y mal hecho>> (Home entre 21-30 anos que leva máis de 10 anos residindo no casco urbano)

<<Ademais de moi pouca iluminacion nas rúas o cal e un perigo para os viandantes, e falo dende o punto de vista de un conductor >> (Home entre 31-40 anos que leva menos de 10 anos residindo no casco urbano)


Así mesmo, as queixas sobre a presenza de excrementos de cans tamén aparece neste apartado:

<<As defecacións dos cans>> (Muller entre 21-30 anos que leva máis de 10 anos residindo no casco urbano)

5. Cal é o grao de dificultade que atopa para estacionar/aparcar?

- a) Elevado, teño que dar moitas voltas e deixar o coche lonxe
- b) Non é excesivamente complicado, pero debo dar varias voltas
- c) Non suelo ter problemas para estacionar
- d) Non utiliza/ non ten coche

No relativo aos posibles problemas que atopa a xente para aparcar o seu coche, pese a ser máis do dobre o número de persoas que aseguran ter bastantes dificultades para estacionar que os que aseguran poder aparcar sen problema (37,8% fronte ao 15,7%), a metade das respostas indican que as dificultades para atopar un espazo para deixar o vehículo non son excesivas; si a maiores engadimos que houbo un 6% de respostas “nulas” (pertencentes aos que non usan ou teñen automóbil), poderíase estimar que a cuestión das prazas de aparcadoiro non son unha fonte primordial de preocupación entre os pontareáns.



5.1. Deixaría o coche na casa e iría en transporte público se houbera máis frecuencias de autobús coas parroquias, Vigo, Meixueiro, Alvaro Cunqueiro...? Si / Non / Non utiliza/ non teño coche

Neste seguinte apartado, relativo tamén á mobilidade, se preguntaba por como valorarían a posibilidade de trocar o vehículo privado por, por exemplo, o uso de autobuses como medio de transporte á hora de desprazarse fóra da vila, e sete de cada dez respostas (do grupo que emprega o automóbil) estaría disposto a usar dito medio de transporte colectivo.

5.2. Cal sería a distancia que podería ou estaría disposto a ir andando, dende o sitio no que estaciona o coche, ata o seu traballo ou lugar no que debe realizar as súas xestións, compras, etc?

a) Menos de 150m ou de 3 minutos


b) Entre 150m e 300m/ Entre 3min e 6 min

c) Entre 300m e 500m/ Entre 6min e 10 min

d) Máis de 500m ou de 10min


Entre no 5,1% das respostas se indicaba que non empregaban o vehículo e

estaría dispostos a deixalo e usar transporte público



Estaría dispostos a deixalo e usar transporte público


En relación ás distancias que a xente asumiría como aceptables á hora de ir a pé, dende o lugar no que deixaría o automóbil, a meirande parte (algo máis do 65%) estaría disposta a percorrer unha distancia comprendida entre os 150m e os 500m, se ben cabe subliñar que a porcentaxe dos que declaran que non se importarian de ter que ir máis aló deses 500m ou 10´ andando supera en 7 puntos porcentuais aos que só estarían dispostos a facelo nunha distancia inferior aos 150m.



6. Sinala con cales destes elementos ou fontes de enerxía conta na súa vivenda

- a) Caldeira biomasa b) Paneis fotovoltaicos c) Xeotermia/Aerotermia d) Bombillas baixo consumo/LED e) Ningún dos anteriores

Cando se pregunta polo uso de fontes de enerxía limpa, ou elementos de consumo eficiente, destacan sobre todos os demáis que se citaban, as bombillas de de baixo consumo ou de tipo LED, xa que tres de cada catro persoas que respostaron afirman facer uso deste tipo de materiais; porén só un de cada dez conta con caldeiras de biomasa, e os que empregan paneis solares ou fan uso da enerxía xeotérmica ou aerotérmica, suman menos do 3% do total. Aínda así, hai case un 20% de enquisados que non contan con ningún dos elementos anteriores.




2.c. ECONOMIA + SOCIEDADE

Tendo en conta as altas taxas de persoas que se optaron por escoller a opción de “Non sabe/Non contesta” nos puntos 7.1, 7.2 e especialmente no 7.3 -que chega a supór un terzo das respostas -, optaremos por “filtrar” ata certo punto as porcentaxes obtidas, centrándonos nas restantes respostas e obviando as relativas a “Ns/Nc”, coa intención de obter unha imaxe máis acaída da opinión cidadá.


7.1 Como considera as actuais axudas ou apoios intitucionais á poboación con diversidade funcional /necesidades especiais? a)Excesivas b)Suficientes c) Mellorables d) Insuficientes e) Moi deficientes f) Ns/nc

Así pois, no caso desta primeira gráfica, si se omitira ese 21,7% de “Ns/Nc”, se clarificarían o resto de opcións de resposta, e comprobaríamos que realmente un 55% (e non o 43,7%) declara que as axudas ou apoios intitucionais á poboación con diversidade funcional ou necesidades especiais (problemas de visión, mobilidade...) son insuficientes ou moi deficientes, e que case un 40% pensa que son mellorables, en lugar do 30,6% resultante de realizar os correspondentes cálculos porcentuais respectando a porcentaxe de “Ns/Nc”




7.2. Como considera as actuais axudas ou apoios intitucionais á poboación en risco de exclusión/parados longa duración? a)Excesivas b)Suficientes c) Mellorables d) Insuficientes e) Moi deficientes f) Ns/nc

O mesmo ocorre cando extrapolamos este mecanismo ao caso da avaliación das axudas a parados de longa duración ou poboación en risco de exclusión, se respectamos as resposta obtidas vemos que “unicamente” hai un 55,9% que as considera insuficientes ou moi deficientes, omitindo ese 17,7% de “Ns/Nc”, a porcentaxe de críticos aumentaría a case un 68%, e a un 26,8% o de enquisados que a consideran mellorable



7.3. Como considera as actuais axudas ou apoios intitucionais a poboación inmigrante/minorías étnicas? a)Excesivas b)Suficientes c) Mellorables d) Insuficientes e) Moi deficientes f) Ns/nc


Neste último caso, pódese albiscar “certo tipo de polarización” existente encol a delicada cuestión da inmigración e as minorías étnicas, xa que decatámonos que practicamente a un lado e ao outro do segmento de poboación que considera que os apoios que reciben son mellorables (case un de cada catro enquisados opinan isto), hai outros dous grandes grupos que confrontan os seus puntos de vista: algo máis dun 27% que consideran estas axudas insuficientes ou moi deficientes, e case un 25% que lles parecen suficientes ou excesivas.



8.1. Adoita facer as súas compras no comercio local/tradicional?

a) Tres ou máis veces a semana b) Unha ou dúas veces a semana c) Dúas ou tres veces o mes d) Unha ou ningunha vez o mes.


Dentro do apartado de preguntas relativas ao comercio da vila e dos hábitos de consumo dos pontareáns, seis de cada dez enquisados declaran realizar alo menos semanalmente unha ou máis compras no pequeno comercio, así mesmo catro de cada dez, fánoo de xeito esporádico tres ou dúas veces ao mes, mentres que perto do 15% só o fai unha única vez ou incluso ningunha



8.2. Adoita facer as súas compras na Praza de Abastos?


a) Tres ou máis veces a semana b) Unha ou dúas veces a semana c) Dúas ou tres veces o mes d) Unha ou ningunha vez o mes.

Dentro dos distintos sectores comerciais, polos que se preguntou na enquisa, o Mercado Municipal recolle os resultados máis pobres no que a atracción de clientes se refire, xa que ao contrario do anterior caso, onde un 60% das persoas aseguraban realizar con certa frecuencia algunha compra, aquí hai unha porcentaxe semellante que non o fai.



8.3. Adoita facer as súas compras nos supermercados locais?


a) Tres ou máis veces a semana b) Unha ou dúas veces a semana c) Dúas ou tres veces o mes d) Unha ou ningunha vez o mes.



Por contra son os supermercado locais os que acadan unha meirande porcentaxe de frecuencia de compra, xa que practicamente un 80% dos enquisados realizan unha ou máis compras á semana no termo municipal, en concordancia co perto do 65% das respostas que reforzan este dato declarando ir unicamente unha ou ningunha vez a mercar a grandes superficies fóra de Pontearreas.


8.4. Adoita facer as súas compras nas grandes superficies fóra do concello?

a) Tres ou máis veces a semana b) Unha ou dúas veces a semana c) Dúas ou tres veces o mes d) Unha ou ningunha vez o mes.



2.d.PONTEAREAS DO FUTURO

9. Dende o seu punto de vista, como valora de 0 a 10, as seguintes propostas como elementos de futuro que poden axudar a potenciar e desenvolver a actividade económica e calidade de vida da vila e as parroquias? (O cero ou nota máis baixa sería para aquelas propostas coas que está menos de acordo ou que pensa que poden aportar menos á economía local, e o dez ou notas máis altas, para aquelas actividades cos que está máis de acordo ou pensa que poderían ser máis beneficiosas)



Grosso modo, poderíamos agrupar os resultados obtidos en dous grandes apartados, por un lado aquelas respostas que obtiveron -sobre 10 puntos- unha puntuación media superior aos 8 puntos, e por outro, as que obtiveron menos desa cifra, xa que agás o punto concreto de “Potenciar un modelo económico centrado no sector servizos e da hostalería”, que obtivo unha puntuación media de 6,7 pts, ningunha outra resposta obtivo menos de 7 puntos de nota.

Deste xeito, comprobamos que (de maior a menor índice de aprobación), as propostas que obtiveron máis de 8 puntos de aprobación encontraríamos:

Potenciar un Concello Saudable (espazos para camiñar, facer deporte, actividades culturais) 8,92 pts

Implementar políticas inclusivas para persoas con diversidade funcional ou necesidades especiais 8,55 pts

Potenciar o fomento da pequena empresa e comercio tradicional... 8,55 pts

Desenvolver políticas sociais de apoio a persoas en risco de exclusión social 8,46 pts

Apostar polo desenvolvemento de Pontearreas dentro da área metropolitana de Vigo 8,40 pts

Remarcas o rol de Pontearreas como cabeza comarcal / nodo de desenvolvemento do Condado-Paradanta 8,38 pts

Apoiar proxectos de desenvolvemento alternativo (cooperativas de produtores, consumidores...) 8,14 pts

Desenvolver sistemas de transporte público na/coa vila (autobuses, aluguer de bicicletas..) 8,08 pts

Desenvolver unha economía orientada ás novas profesións, innovacións e tecnoloxías 8,05 pts

Apoiar o rural e as súas actividades asociadas (fomento explotacións gandeiras, agrícolas...) 8,00 pts

Por último, dentro do grupo de propostas que superaron a puntuación media de 7 puntos, atopamos:

Activar un polígono industrial ou empresarial no termo municipal 7,91 pts

Dar prioridade a un sector forestal diversificado e sustentable (frondosas, especies autóctonas...) 7,78 pts

Fomentar a difusión e preservación do patrimonio material e inmaterial 7,77 pts

Fomentar a peonalización e humanización de rúas e prazas, priorizando o peón sobre o coche 7,76 pts

Implementar dispositivos de xestión baseados nas novas tecnoloxías (sistemas automatizados de iluminación, regadío, sinais luminosas en pasos de peóns...) 7,73 pts

Incrementar as xestións administrativas no Concello a través de internet 7,66 pts